

Galiza

Viva



25 de Xullo
Día da Patria
Galega

Galiza

Manifestación
ás 12 na
Alameda
Santiago

Viva

Soberanía e traballo

Galiza

Viva



Soberanía e traballo

Termos autoestima como pobo, exercermos a nosa dignidade colectiva, defendermos o propio, restaurarmos a nosa lingua e a nosa cultura, sermos responsábeis do noso presente e do noso futuro, recuperarmos os sectores produtivos e estratéxicos da economía galega, frear a sangría humana dos últimos anos, en definitiva, deixarmos de ser un pobo prostrado fronte á metrópole, construímos o país, sermos unha nación no mundo. Velaí o que sempre moveu historicamente ao nacionalismo galego, ese nacionalismo que cumpre xustamente este ano 100 anos de existencia.

Conseguirmos que o PP pase á oposición e abrir un novo escenario político na Galiza a partir de outubro é un obxectivo básico para o nacionalismo galego, sempre desde o exercicio da expresión política propia do país. Porque temos o obxectivo de construímos unha nación libre, algo a que endexamais renunciaremos. Por iso continuamos a traballar activamente para que amplos sectores da sociedade galega teñan o país, a súa situación, os seus problemas e o seu futuro, como centro das súas preocupacións políticas. Galiza como ilusión e como tarefa, sempre.

O Día da Patria é unha magnífica ocasión non só para camiñarmos xuntos e xuntas polas rúas de Compostela cara á Quintana, senón para nos saudarmos coa cordialidade do corazón, para falarmos, para dialogarmos, para tecer sentimento de país e para transmitirle ao conxunto da sociedade a idea dun futuro diferente para a nosa nación.

Web
bng.gal

Facebook
[@bloquenacionalistagalego](https://www.facebook.com/bloquenacionalistagalego)

Twitter
[@obloque](https://twitter.com/obloque)